

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

RESOLUCIÓN do 23 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616D).

A Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, do 8 de xaneiro de 2009, pola que se establecen as condicións e se regulan os requisitos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 11, do 16.1.2009) establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá convocar con carácter anual, nos seus centros de ensino, as probas de carácter extraordinario para obter os títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer (BOE núm. 247, do 11.10.2014), regula os títulos náuticos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas, as atribucións, requisitos e o procedemento para a obtención destes.

No Real decreto 238/2019, do 5 de abril, establécense habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e actualízanse as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das administracións. As persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Polo tanto, todas as disposicións que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e ao persoal empregado público no ámbito da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, deberán prever a presentación electrónica, ben na sede electrónica da Xunta de Galicia, ou ben en aplicacións propias de presentación electrónica que terán que ser accesibles desde a sede electrónica da Xunta de Galicia.



Esta dirección xeral, no uso das facultades que lle confire o Decreto 210/2022, do 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 239, do 19.12.2022), resolve convocar os exames extraordinarios teóricos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer de patrón/patroa para navegación básica, patrón/patroa de embarcacións de lecer, patrón/patroa de iate, e capitán/capitá de iate, conforme as seguintes normas:

1. Obxecto.

O obxecto desta resolución é establecer as condicións que teñen que cumprir as escolas de navegación de lecer da Comunidade Autónoma de Galicia para poder presentar ao seu alumnado ás probas extraordinarias teóricas, así como fixar as datas e os lugares de realización das citadas probas para obter os títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Para a presentación de solicitudes deberán empregarse os modelos normalizados correspondentes ao código de procedemento administrativo PE616D, que están dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

2. Normas xerais.

a) Os exames teóricos realizaranos os tribunais que se constitúan de conformidade co establecido no artigo 3 da Orde do 28 de novembro de 2007 pola que se regula a composición dos tribunais para a obtención de titulacións marítimo-pesqueiras e náutico-deportivas (DOG núm. 243, do 18.12.2007).

Para que poida realizarse a convocatoria extraordinaria nun centro de ensino será necesario reunir un mínimo de 15 persoas inscritas para as titulacións de patrón/patroa de embarcacións de lecer e patrón/patroa para navegación básica, e 10 para patrón/patroa de iate e capitán/capitá de iate. Se o centro de ensino non acada o número mínimo requirido non poderá realizar o exame. Neste caso, os/as alumnos/as deberán realizar o exame no lugar indicado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. No caso de non poder realizarse unha convocatoria de exame, as persoas matriculadas terán que solicitar a devolución da taxa e non poderán utilizala para a seguinte convocatoria.

b) O alumnado das escolas de navegación de lecer que se presente ao exame teórico complementario de patrón/patroa de embarcacións de lecer debe estar en posesión da



tarxeta de patrón/patroa para navegación básica ou do certificado de exame expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia. Os/as alumnos/as que presenten o certificado de exame soamente terán dereito a examinarse nas dúas seguintes convocatorias consecutivas ordinarias. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias estas serán computadas como ordinarias. Estas persoas soamente terán que examinarse das unidades teóricas 7, 8, 9, 10 e 11 e disporán dun tempo máximo de 45 minutos para realizar o exame.

c) Ao alumnado das escolas de navegación de lecer que se presente ao exame para obter o título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e non consiga superar a proba, pero si o faga de acordo coas exixencias de patrón/patroa para navegación básica, recoñeceráselle o dito aprobado, ben para as seguintes convocatorias nesta Administración ou ben para a expedición do título de patrón/patroa para navegación básica. Conservará o aprobado durante un período máximo de dúas convocatorias ordinarias consecutivas nas cales esta Administración realice os exames de patrón/patroa de embarcacións de lecer. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias.

d) Ao alumnado das escolas de navegación de lecer que se presente ao exame de capitán/capitá de iate ou patrón/patroa de iate e supere algún dos módulos que conforman o exame teórico, de acordo co regulado no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, conservaráselle o aprobado destes nas dúas seguintes convocatorias ordinarias consecutivas que convoque esta Administración. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias.

3. Idade mínima.

Para obter as titulacións de patrón/patroa de embarcacións de lecer, patrón/patroa de iate e capitán/capitá de iate, as persoas interesadas deberán ter feitos os 18 anos de idade no momento de realizar as probas para a obtención destes títulos.

O título de patrón/patroa para navegación básica poden obtelo os/as menores de idade que teñan feitos os 16 anos no momento de realización das probas, sempre que acrediten, mediante a presentación por escrito do consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais, e superen os requisitos teóricos e prácticos exixidos no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.



4. Solicitudes das escolas navegación de lecer.

As escolas de navegación de lecer presentarán as solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das escolas de navegación de lecer presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As escolas de navegación de lecer homologadas para poder presentar o seu alumnado aos exames teóricos achegarán a seguinte documentación dentro do período de matrícula:

a) Solicitude dirixida ao centro oficial de ensino pesqueiro onde queira realizar o exame. O modelo de solicitude é o que figura no anexo I desta resolución. Deberán achegar unha solicitude por cada persoa que presenten á convocatoria (procedemento PE616D).

Unha vez finalizado o prazo de matrícula de cada convocatoria que aparece indicado no anexo III, farase pública a lista provisional das persoas admitidas e excluídas no portal web de formación da Consellería do Mar, <https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado> e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino marítimo-pesqueiro, e darase un prazo de 10 días hábiles para que as escolas de navegación de lecer poidan emendar as deficiencias dos/das alumnos/as excluídos, de acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

5. Documentación complementaria.

5.1. A documentación complementaria que deben presentar as escolas de navegación de lecer xunto co anexo I é a seguinte:

a) Anexo II. Modelo de solicitude do alumnado da escola de navegación de lecer.



b) Xustificante de aboamento das taxas de cada un dos/das alumnos/as. O pagamento da taxa debe realizarse antes de rematar a data da fin da matrícula e soamente terá validez para esa convocatoria determinada de exame. De non facelo no prazo indicado non poderán presentarse aos exames. O código da taxa é o seguinte: 30.21.01.

Segundo o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (BOE núm. 12, do 14.1.2004), e na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e (DOG núm. 246, do 29.12.2023), as taxas polos dereitos de exame das distintas titulacións de lecer son as seguintes:

b.1. Exames teóricos:

- Patrón/patroa para navegación básica: 31,92 €.
- Patrón/patroa de embarcacións de lecer: 41,09 €.
- Patrón/patroa de iate: 57,57 €.
- Capitán/capitá de iate: 69,85 €.

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o seu pagamento. Para isto dispón das modalidades de pagamento telemático (cargo na conta ou tarxeta) e pagamento presencial (mediante un impreso que se presentará na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación proporcionaralle o modelo xa cuberto.

O enderezo web é o seguinte:

https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860//item-dark-blue

c) Consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais para os menores de idade que teñan feitos os 16 anos no momento de realización das probas para obter o título de patrón/patroa para navegación básica.



d) Copia do título de patrón/patroa para navegación básica, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para poder presentarse ao exame teórico específico para a obtención do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e complementario do xa superado para obter o título de patrón/patroa para navegación básica. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

e) Copia do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de patrón/patroa de iate. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

f) Copia do título de patrón/patroa de iate, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de capitán/capitá de iate. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das escolas de navegación de lecer presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As escolas de navegación de lecer responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



5.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. Comprobación de datos.

6.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á consulta:

- DNI ou NIE do alumnado.
- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE do representante.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da entidade representante.
- Título de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Título de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Título de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de exame de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de exame de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de exame de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de exame de capitán/capitá de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.



6.2. No caso de que as escolas de navegación de lecer ou o seu alumnado se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado nos anexos I ou II e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

6.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as escolas de navegación de lecer deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

8. Notificacións.

8.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

8.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado ende-



rezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

8.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8.5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. Datas e lugares de exame.

As datas dos exames teóricos, así como os lugares onde se realizarán, aparecen indicados no anexo III.

As persoas que non se presenten aos exames non terán dereito á devolución das taxas. Unicamente se prevé a posibilidade da devolución da taxa nos casos en que a ausencia sexa debida a unha enfermidade grave, circunstancia esta que deberá ser debidamente xustificada por un facultativo médico e notificada no prazo dos tres días seguintes ao exame.

10. Tribunais.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, unha vez publicada a lista definitiva de aspirantes aos exames nas distintas titulacións, nomeará os tribunais para a realización das probas e indicará as horas dos exames, así como calquera outra información no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar.

11. Desenvolvemento das probas.

Rematados os exames teóricos, o/a secretario/a do tribunal publicará no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar unha copia do exame e a folla coas respostas correctas, co fin de que os/as interesados/as poidan comprobar o resultado do seu exercicio.

Unha vez corrixidos os exames teóricos, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do centro de ensino as listas provisionais das cualificacións, así como no portal web de formación da Consellería do Mar.



As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación no portal web de formación da Consellería do Mar para formular reclamacións ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal ditará unha resolución coa lista das persoas que superaron as probas teóricas. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar. Non obstante, para os actos de trámite individualizados que poidan xurdir no procedemento observárase o disposto no punto 12.

12. Requisitos para a obtención dos títulos.

Para obter o título de lecer correspondente, ademais de superar estas probas, os/as interesados/as deberán reunir os requisitos establecidos no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer.

13. Temarios de exame.

Os temarios oficiais de exame para as titulacións de capitán/capitá de iate, patrón/patroa de iate, patrón/patroa de embarcacións de lecer e patrón/patroa para navegación básica, son os recollidos no anexo II do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

De conformidade co establecido no anexo II do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, a normativa IALA na cal se basearán os exames para a obtención do título de patrón/patroa para a navegación básica e de patrón/patroa de embarcación de lecer será o Sistema de balizamento marítimo (IALA-MBS 2010). Na páxina web de Portos do Estado poderase descargar a documentación:

http://www.puertos.es/Documents/balizamiento_maritimo_0.pdf

14. Criterios de corrección.

Os criterios de corrección dos exames de cada titulación de lecer aparecen indicados no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, e no Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.



Nos exames de patrón/patroa de embarcacións de lecer e patrón/patroa de iate quedarán anuladas as respostas das preguntas relacionadas coa carta de navegación se non están reflectidos os trazados na carta náutica e os exercicios da unidade de carta de navegación no reverso desta.

Nos exames de capitán/capitá de iate quedarán anuladas as respostas das preguntas relacionadas cos exercicios de cálculo se non están reflectidos nas follas facilitadas polo tribunal.

15. Recursos.

Contra as resolucións do/da presidente/a do tribunal os/as interesados/as poderán interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da lista das notas definitivas no portal web de formación da Consellería do Mar.

Contra a resolución desta convocatoria poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada perante o conselleiro do Mar, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2024

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN DO ALUMNADO DAS ESCOLAS DE NAVEGACIÓN DE LECER NOS EXAMES TEÓRICOS EXTRAORDINARIOS PARA OBTEN OS TÍTULOS QUE HABILITAN PARA O GOBERNO DAS EMBARCACIÓNS DE LECER	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PE616D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA			LUGAR				
<input type="text"/>			<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal .	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO/DA ALUMNO/A DA ESCOLA DE NAVEGACIÓN DE LECER							
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA			LUGAR				
<input type="text"/>			<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DATOS RELATIVOS AO EXAME:
Desexa participar no exame teórico para a obtención do título de: <input type="text"/>



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

(Documentación relativa ao/á alumno/a)

- Anexo II. Modelo de solicitude do alumnado da escola de navegación de lecer.
- Xustificante de aboamento das taxas de cada un dos alumnos. Código 30.21.01
- Consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais para os menores de idade que teñan feitos os 16 anos de idade no momento de realización das probas, para obter o título de patrón/patroa para navegación básica.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do título de patrón/patroa para navegación básica, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para poder presentarse ao exame teórico específico para a obtención do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e complementario do xa superado para obter o título de patrón para navegación básica.			
<input type="checkbox"/> Copia do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de patrón/patroa de iate.			
<input type="checkbox"/> Copia do título de patrón/patroa de iate, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de capitán/capitá de iate.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



LEXISLACIÓN APLICABLE

- o Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer .
- o Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.
- o Orde do 8 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as condicións que regulan os requisitos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia.
- o Resolución do 23 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616D).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Tribunal de exames de titulación de lecer de: 

MODELO DE SOLICITUDE DO/DA ALUMNO/A NA ESCOLA DE NAVEGACIÓN DE LECER

DATOS DO/DA ALUMNO/A							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE do/da alumno/a	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Título de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Título de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Título de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de capitán/capitá de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DO/DA ALUMNO/A OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

ANEXO III

Convocatoria de xuño de 2024:

Matrícula: do 20 ao 31 de maio, ambos inclusive.

Titulacións	Exame teórico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos
Patrón/patroa para navegación básica	25 de xuño	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Avenida Beiramar, 55, 36202 Vigo. Teléfonos 886 11 08 25/886 11 08 26. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Rúa 19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Teléfonos 881 93 82 12/881 93 82 13. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira. Rúa dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Teléfonos 881 86 63 17/881 86 63 24.
Patrón/patroa de embarcacións de lecer	26 de xuño	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.
Patrón/patroa de iate	27 de xuño	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.
Capitán/á de iate	28 de xuño	As persoas interesadas terán que dirixir as solicitudes ao Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. O exame realizarase na Escola Galega de Administración Pública (EGAP): rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela.

Convocatoria de novembro de 2024:

Matrícula: do 18 ao 31 de outubro, ambos inclusive.

Titulacións	Exame teórico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos
Patrón/patroa para navegación básica	25 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Avenida Beiramar, 55, 36202 Vigo. Teléfonos 886 11 08 25/886 11 08 26. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Rúa 19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Teléfonos 881 93 82 12/881 93 82 13. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira. Rúa dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Teléfonos 881 86 63 17/881 86 63 24.
Patrón/patroa de embarcacións de lecer	26 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.
Patrón/patroa de iate	27 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.
Capitán/capitá de iate	28 de novembro	As persoas interesadas terán que dirixir as solicitudes ao Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. O exame realizarase na Escola Galega de Administración Pública (EGAP): rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela

